



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MESÍA

Liquidación Servizo de Axuda no Fogar mes maio 2025

Por resolución da alcaldía de data 16/07/2025 aprobouse o padrón de contribuíntes e liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de MAIO DE 2025, expoñéndose ao público para a súa notificación colectiva, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, do 17 de decembro, polo prazo de quinde días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, quedando a disposición dos/as interesados/as a efectos da presentación de reclamacións.

Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os contribuíntes poderán interpoñer preceptivamente o recurso de reposición perante a Alcaldía, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública. O recurso entenderase rexeitado se no prazo dun mes dende a súa presentación non se resolve expresamente, quedando aberta a vía para a interposición do recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo. Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso que os/as interesados/as consideren oportuno.

O prazo de cobro en período voluntario será de dous meses dende o fin do prazo de exposición pública. Transcorrido o prazo do cobro en período voluntario procederase a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 e 28 da LXT.

O cargo dos recibos domiciliados producirase o primeiro día do período voluntario de ingreso.

Mesía, 16 de xullo de 2025

O alcalde,

Asdo.: Mariano Iglesias Castro.

2025/4778